

## BASES SELECCIÓN POSTO DE OPERARIO/A MUSEO DO VOLUNTARIADO

Contratación subvencionada pola Deputación Provincial de A Coruña.

Obxecto: Contratación laboral, dunha persoa, durante aprox 1,20 meses T/P (20 h semana de luns a domingos cos descansos legais), para a atención do Museo do Voluntariado. Grupo 3.

### Requisitos:

- Desempregado/a. ( Terá que cumprir este requisito na data de finalización do prazo de presentación das instancias).

- Posuír algunha das seguintes titulacións:

Grado, licenciatura ou ciclo formativo superior, relacionados coa cultura, patrimonio, turismo , xestión cultural ou desenvolvemento local.

- Os xerais do acceso ao emprego público.

### Presentación de instancias:

Nas oficinas municipais ou na sede electrónica (páxina web) antes das 14.00 h. no primeiro caso, e ás 24.00 horas no segundo caso, do día 31 de outubro de 2017, aportando os xustificantes dos requisitos esixidos e méritos.

### Selección:

Será efectuada o día 8 de novembro ás 10.00 h. mediante:

#### 1. Valoración de méritos:

- Cursos específicos en materia relacionada co posto de traballo impartidos por centros oficiais, Universidade, ou escola de Administración pública con duración superior a 20 horas. Máximo de puntuación por este apartado: 1 punto.
- Coñecemento de idiomas (inglés, francés ou alemán): segundo certificación da EOI ou centro oficial de ensinanza:
  - o Certificado nivel básico: 0,10 p.
  - o Certificado nivel medio: 0,5 p.
  - o Certificado nivel avanzado: 0,75 p.  
(Soamente puntuará o nivel máis alto)
  - o Curso de perfeccionamento de galego ou Celga 4: 0,5 p.

#### 2. Cuestionario e/ou exercicio práctico sobre o programa obxecto do Anexo I destas bases, puntuando de 0 a 10 puntos e sendo preciso obter 5 puntos para entendela superado, non podendo acumularse para iso a puntuación da base de méritos.

### Lista de admitidos/as:

O día 2 de novembro,, será publicada, na pax web, a lista de admitidos/as – excluídos/as, contra a que se poderá formular reclamación ata as 12.00 h. do 6 de novembro. A lista definitiva publicaráse ao día seguinte.

### Anexo

1. O municipio de Muxía: Termo municipal, poboación, patrimonio, recursos culturais, e medioambientais.
2. Breves nocións sobre os recursos culturais e medioambientais de Galicia.
3. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración Pública.
4. Nocións básicas sobre informática.
5. A atención nun museo dun pequeno municipio. O Museo do voluntariado de Muxía.

O tribunal seleccionador estará formado exclusivamente por persoal funcionario do concello.

